



CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2021

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2021», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 7 do 13 de xaneiro de 2021.

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa dirixese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

- 1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada
- 2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo
- 3º.-Residir no termo municipal de Vigo
- 4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- 5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.
- 6º .- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal,



ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como confinamento pola situación de alarma pola Covid-19, enfermidade, situación de illamento por corentena, etc).

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2021.

Publicidade

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que existe ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.